

Manexo e instalacións que poden mellorar a saúde podal do rabaño (II)

Nesta segunda entrega centrámonos na necesidade de dotar as vacas dun chan seguro e antiescorregante para que se poidan mover con total comodidade e tranquilidade, e alertamos das consecuencias da superpoboación nos establos con cubículos.



Vaca pisando coa maioría da superficie do pezuño en contacto co chan sen poder tocar o bordo da raia e, no caso de esvarón, suficiente ancho e profundo para que traccione

Javier Sáez Mateos

Socio e vogal da Xunta da APPB



CHANS SEGUROS E ANTIESCORREGANTES

Podemos levar a cabo varias accións para mellorar as condicións do chan:

- En chans con moitos anos onde o formigón se puliu e endureceu demasiado por mor da acción do esterco e da limpeza con maquinaria, podemos fresar os dous primeiros milímetros para quitar esa capa e volver ter ese chan antiescorregante que queremos, para que os nosos animais non teñan ningún accidente, tendo coidado de non deixar unha superficie demasiado áspera que poida xerar sola fina nos animais por exceso de desgaste.


- A acción máis recomendable para evitar caídas, e se as hai, que se levanten con facilidade, é o raiado. Estes son algúns dos seus beneficios:

- As vacas séntense máis seguras e mostran os celos moito mellor cos chans raiados que sen eles; evítanse moitas caídas, sobre todo cando hai algunha en celo, asústanse por algo e empezan a correr todas.
- Evítanse vacas que se abriron nas extremidades posteriores porque caeron pola noite e levan moitas horas tentando levantarse, chegando mesmo a descartalas por este motivo.
- Ás veces é inevitable que caia algún animal, sobre todo en currais con sobrepoboación nos que hai competencia polos recursos, pero cun bo raiado de chans o animal érguese con facilidade porque ten boa tracción.

▶ AS VACAS SÉNTENSE MÁIS SEGURAS E MOSTRAN OS CELOS MOITO MELLOR COS CHANS RAIADOS QUE SEN ELES

Tipo de raiado

Na miña opinión nun bo raiado hai que buscar a mellor relación entre unha boa tracción –para evitar que o animal caia e, se cae, que se erga con facilidade– e que a vaca pise sobre un chan o máis plano posible para que a superficie de todo o pezuño teña o maior contacto con este e así evitar concentrar a presión do peso nalgún punto en concreto. Con iso teremos menos posibilidades de que nos aparezan na sola hemorraxias, úlceras de sola e acceso de liña branca. Este é o raiado que mellor cumpre esta relación:



► DEBEMOS TENTAR NON SUPERAR XAMAIS O NÚMERO DE ANIMAIS CON RESPECTO AOS CUBÍCULOS



Vaca dominante empuxando a outra para beber

A xustificación deste investimento é bastante clara, xa que con un ou dous animais que non houbese que descartar por lesións derivadas de caídas ao ano xa se paga o investimento e o raiado dura máis de oito anos, dependendo da dureza do formigón e dos sistemas de limpeza dos corredores.

Cando botamos formigón nalgún corredor novo, debemos poñer especial coidado en que non nos deixen a superficie demasiado áspera para evitar un maior desgaste nos pezuños, sobre todo en cubículos de area, que nos poida xerar coxeiras por sola fina nun gran número de animais.

SOBREPOBOACIÓN EN ESTABLOS DE CUBÍCULOS

A continuación falamos das consecuencias que pode carrexar meter máis animais da conta en establos de cubículos. Adoitamos tender a crer que non pasa nada por meter unhas vacas máis que cubículos e amarres temos, pensando que, cando unhas están a comer e beber, outras están deitadas descansando e viceversa, pero non é así; durante gran parte do día todas seguen máis ou menos as mesmas rutinas: van ao muxido, saen, beben auga, comen e

tómbanse, en moitas horas do día todas queren estar deitadas e cremos que unhas veces serán unhas as que queden de pé e outras veces serán outras, pero por desgraza non é así, as vacas son animais moi sociables e hainas moi dominadoras e outras dominadas, e estas son sempre as últimas en beber, en comer e, se non hai suficientes cubículos, son sempre as que quedan de pé; aínda que estean tombadas, as dominadoras levántanas para deitarse elas. Este grupo ten moitísimo risco de que se produzan coxeiras ou mesmo ter que descartalas por non seren suficientemente produtivas, debido ao gran número de horas que permanecen de pé e a causa dos conflitos que teñen con outras vacas pola auga, a comida e o espazo. Por iso debemos tentar non superar xamaís o número de animais con respecto aos cubículos, amarres para comer e bebedoiros suficientes que teñamos.

O óptimo sería ter un 20 % menos de vacas que de cubículos e amarres, aínda que isto é un pouco complicado debido ao custo por praza das instalacións.

O motivo principal de tentar que todas as vacas do establo estean o maior tempo tombadas (o ideal se-

ría entre 10 e 12 horas) é que canto maior tempo estean nesa posición, maior é a produción de leite, xa que hai un 25 % máis de irrigación de sangue nos ubres deitados que de pé.

Cando quitamos animais ou deixamos o mesmo número que cubículos e amarres en currais demasiado poboados, dado que a maioría das veces as vacas que descartamos son adultas e cunha condición corporal alta (dominantes), as dominadas teñen o mesmo tempo para comer, beber e tombarse que as demais, polo que empezan a producir bastante máis e con iso conseguimos producir o mesmo leite con menos animais. ■



Patio sobrepoboado con moi poucos cubículos baleiros e moitas vacas levantadas

AgroBank

**Asesoramento
e servizo para
o sector agrario**

